

ALGUNHAS CLAVES BÁSICAS PARA O GALEGO



Unha maneira de facer Europa



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica



UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional

Índice

O GALEGO, UN MÁIS NA FAMILIA DAS LINGUAS.....	4
1. Que é un estándar?.....	4
Por que cambia o estándar dunha lingua?.....	4
2. O estándar do galego.....	5
Como se elaborou a normativa do galego?.....	5
Por que se reformou?.....	6
En que consistiu a reforma?.....	6
3. As linguas no mundo.....	7
A diversidade lingüística.....	7
As linguas de Europa.....	8
4. Conclusións.....	9
OS DETERMINANTES.....	10
1. Que debemos saber do artigo determinado?.....	10
1.1. A segunda forma do artigo.....	10
Como se utiliza a segunda forma do artigo.....	11
1.2. Con que contrae o artigo?.....	12
1.3. Que cambiou no 2003?.....	13
1.4. Os erros máis frecuentes do artigo.....	13
1.5. Para lembrar.....	14
2. O artigo indeterminado.....	15
Para lembrar.....	15
3. Conclusións.....	16
PALABRAS DE ORTOGRAFÍA DUBIDOSA.....	17
1. Ortografía B/V.....	17
1.1. Escríbense con B.....	18
1.2. Escríbense con V.....	19
2. Outras palabras de grafía dubidosa.....	22
COMO ACENTUAMOS?.....	23
1. Regras xerais.....	23
1.1. Palabras agudas.....	23
1.2. Palabras graves.....	24
1.3. Palabras esdrúxulas.....	25
2. Casos especiais de acentuación.....	25
2.1. Que é un ditongo?.....	25

2.2. Que é un hiato?.....	25
2.3. Os estranxeirismos.....	26
2.4. O acento diacrítico.....	27
OS CAMBIOS.....	28
1. Mudanzas obrigatorias.....	28
1.1. Grupos consonánticos cultos CT e CC.....	28
1.2. Sufixos e terminacións.....	28
1.3. O verbo.....	29
1.4. Pronomes demostrativos.....	29
1.5. Adverbios e locucións adverbiais.....	29
1.6. Preposicións e locucións prepositivas.....	30
1.7. Conxuncións e locucións conxuntivas.....	31
1.8. Numerais.....	31
1.9. Pronomes.....	31
1.10. Léxico.....	31
2. Mudanzas opcionais.....	32
2.1. A acentuación.....	32
2.2. O artigo.....	32
2.3. Sufixos e terminacións.....	32
2.4. Signos de puntuación.....	33

O GALEGO, UN MÁIS NA FAMILIA DAS LINGUAS

Para afrontar a aprendizaxe do estándar de calquera lingua convén saber que funcións ten un **estándar**, como se elabora e cales son as dificultades e oportunidades que representa para o desenvolvemento dunha lingua.

Por outra parte, cómpre destacar a diversidade lingüística como un valor que está presente nas directrices da Comisión Europea ou da UNESCO. Se cada lingua é o resultado de esforzos milenarios dunha parte da humanidade para comprender o mundo, entón a **diversidade lingüística** é, sen ningunha dúbida, unha riqueza colectiva. Mais... coñecemos ben o que representa para o mundo?

1. Que é un estándar?

A normativa ou o estándar dunha lingua ten a función de servir como **modelo de lingua** nos usos orais formais e na escrita.

O galego, como todas as linguas, posúe certa diversidade interna. Falamos de xeito diferente dependendo de factores xeográficos -de onde somos-, xeracionais -a nosa idade-, socioculturais etc. Hai determinados ámbitos, a Administración, os medios de comunicación ou o ensino, que precisan un modelo de lingua uniforme e común para toda a comunidade lingüística.

Por que cambia o estándar dunha lingua?

O proceso de **fixación** do estándar para unha lingua é longo e o galego vén desenvolvendo este proceso desde hai moi poucos anos. Outras linguas do contorno (castelán, portugués, francés, italiano) tiveron un proceso de estandarización moi longo que, en xeral, durou séculos mais estes procesos iniciáronse xa na Idade Media.

Só temos que fixarnos nas datas en que as seguintes linguas publicaron as súas primeiras gramáticas:

1412 para o italiano

1492 para o castelán

1531 para o francés

1534 para o alemán

1536 para o portugués

1586 para o inglés.

O galego, pola contra, debido á historia da lingua, non tivo a oportunidade (por estar excluída dos ámbitos cultos) de desenvolver un estándar ata os **anos 80** do século XX.

Por outra parte, as anteditas linguas non deixaron de facer reformas nas súas gramáticas e dicionarios. En 1990 asinouse unha importante reforma do portugués estándar e en 1996 o alemán foi reformado co obxectivo de simplificar a ortografía e facela máis fácil de aprender. Pola súa banda, o castelán publicará a súa nova gramática no ano 2009.

Á parte disto, **as linguas mudan** cos cambios sociais, só temos que pensar en todas as palabras novas que introduciron as novas tecnoloxías.

2. O estándar do galego

Como se elaborou a normativa do galego?

A proposta de normativa oficial (Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 1982) foi elaborada polo Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega. Segundo estas entidades, os criterios foron:

* Fidelidade á **lingua falada** aínda que rexeitando os castelanismos.

* Busca dun galego co que se puidera **identificar** a maioría de falantes. Polo tanto, non se escolleu a variante dun sitio concreto como aconteceu co castelán (variante de Toledo) ou co italiano (toscano florentino).

* Continuación da **tradición escrita**, sobre todo da literatura.

* **Coherencia** interna.

* Harmonía coas **linguas do noso contorno**, coas románicas en xeral e coa portuguesa en especial por procederen dun mesmo tronco lingüístico (galego-portugués). Por exemplo, para a palabra *cirurgía* observamos as linguas do contorno e comprobamos que en todas mantén o segundo -r- etimolóxico, agás en castelán; a harmonía co contorno románico será, pois, importante á hora de fixar esta palabra en galego.

Por que se reformou?

A normativa oficial do galego foi obxecto de grandes discusións desde que a Real Academia Galega, que é quen ten competencias nesta materia, aprobou a normativa estándar. O motivo central da polémica era a relación do galego co portugués. É o galego un idioma de seu? É unha variante dialectal do tronco común galego-portugués? Cal debe ser a referencia do galego na restauración da súa escrita? Ata que punto pesa a relación co castelán?

O esforzo en chegar a un **acordo** tiña como obxectivo fundamental ampliar a base social do galego e o consenso na lingua.

En que consistiu a reforma?

É un cambio máis ben simbólico sobre o emprego das palabras ou a ortografía. En realidade non se produciron grandes modificacións. Pero aumentou o número de opcións sobre como podemos escribir as cousas.

3. As linguas no mundo

A diversidade lingüística

Os diversos estudos sobre as linguas indican que no mundo fálanse **ao redor de 6.500 linguas**. Ethnologue, unha das referencias máis importantes, fala de 6.528 linguas vivas.

Por outra parte, estes datos non teñen ningunha correspondencia coas divisións políticas, pois só hai máis ou menos 200 estados. De feito, a situación de monolingüismo nun estado é algo sumamente raro. En Europa tan só Islandia ten unha única lingua.

A **distribución** polos diferentes continentes é moi irregular. As linguas de África e Asia supoñen aproximadamente o 32% en cada continente, as do continente americano o 15% e as do Pacífico un 18%. O continente europeo representa só o 3% das linguas do mundo!

Podemos considerar África o continente da diversidade lingüística, xa que é o lugar onde porcentualmente se dan menos procesos de substitución (aproximadamente un 20% fronte ao 50% global). Seguramente usas algunhas palabras derivadas de linguas africanas: *zombi*, *chimpancé* ou *safari* (do bantú) ou mesmo *cola*, moi coñecida grazas a unha famosa bebida.

En Asia fálanse unhas 2.000 linguas. Neste continente atópanse as situacións máis diversas. Hai linguas que xa só teñen os últimos falantes (algunhas de Siberia) e están tamén as linguas con máis falantes do mundo (o chinés ou o hindi). Cómpre ter en conta que das cinco linguas con máis falantes do mundo, tres —o chinés, o hindi e o bengalí— son asiáticas.

A metade das linguas do mundo concéntrase en só 8 estados: Papúa Nova Guinea (832), Indonesia (731), Nixeria (515), India (400), México (295), Camerún (286), Australia (268) e Brasil (234).

A **importancia** das linguas non se determina polo **número de falantes**: hai linguas oficiais como o maltés -400.000 falantes- ou o islandés -200.000 falantes- que gozan de boa saúde, pola contra, unha lingua como o quechua -7 millóns de falantes- falada en Perú, Bolivia e Ecuador, ten ameazada a súa supervivencia.

www.ethnologue.com

As linguas de Europa

Na Unión Europea hai 20 linguas oficiais pero tamén existen aproximadamente 60 comunidades de falantes de linguas rexionais ou minoritarias.

Ao redor de **40 millóns de persoas** falan unha lingua rexional ou minoritaria dentro da Unión Europea. Se nos achegamos á realidade de Italia, vemos que, segundo un estudo recente, o 51% da poboación italiana alterna o italiano con outra lingua. Á parte do italiano, o Parlamento concedeu status oficial a outros doce idiomas: ladino, alemán, francés, catalán, occitano, franco-provenzal, esloveno, albanés, grego, sardo e croata. Ademais das leis nacionais, varios estatutos rexionais recoñeceron a oficialidade de diversas linguas nos seus territorios. É un dos estados europeos con maior número de linguas.

<http://europa.eu.int/languages>

Segundo unha enquisa recente do Eurobarómetro, a metade da cidadanía da Unión Europea é capaz de manter unha conversa noutra lingua diferente da súa. Por exemplo, en Luxemburgo falan francés, alemán e luxemburgués e practicamente todas as persoas dominan outro idioma o suficiente para participar nunha conversa.

Debido a que Inglaterra estendeu a súa lingua por todo o mundo co Imperio Británico e a que os Estados Unidos se converteron na maior potencia económica e militar, o inglés pasou a ser unha das linguas máis faladas no mundo; non obstante, a lingua con máis falantes nativos en Europa é o alemán (110 millóns).

Malia o gran número de linguas existentes e mais a necesidade de as preservar, moi poucas gozan de boa saúde. Segundo a UNESCO, aproximadamente o 50 % das 6.000 linguas do mundo están en perigo de desaparición.

4. Conclusións

Un estándar é o **modelo de lingua** para os usos formais e para a escrita desa lingua.

O galego estase incorporando desde hai poucos anos aos **usos formais**. Por iso, é necesario fixar e desenvolver o seu estándar agora.

O **plurilingüismo** é unha realidade en todo o mundo e a coexistencia de varias linguas nun mesmo estado é xeral en Europa.

OS DETERMINANTES

Comezamos cunha cuestión básica pola súa frecuencia no uso da lingua. Sabemos facer ben as **contraccións** co artigo determinado? E que aconteceu coa **segunda forma do artigo**?

Neste punto houbo moi poucas modificacións na reforma de 2003 mais cómpre reforzar outros aspectos de emprego habitual na lingua.

1. Que debemos saber do artigo determinado?

Estas son as formas do artigo determinado:

O compañeiro A compañeira

Os compañeiros As compañeiras

<i>o</i>	<i>a</i>
<i>os</i>	<i>as</i>

1.1. A segunda forma do artigo

Ao lado do sistema *o/a, os/as* temos a segunda forma do artigo:

-lo, -la; -los, -las

Por exemplo: **Face-la** segunda forma do artigo.

Este é un dos puntos que normalmente xera máis dúbidas. A segunda forma só a podemos empregar en determinados contextos.

Como se utiliza a segunda forma do artigo

É moi importante lembrar que o seu emprego é **optativo**. Só temos **obligatoriedade** de usala coa preposición **por**.

A segunda forma (-lo, -la, -los, -las) pode aparecer cando o artigo vai:

- Despois dunha **forma verbal** que remata en -r ou en -s: *Aparca-lo coche.*
- Despois das **preposicións** *por* e *tras*, do adverbio *u*, das formas *todos*, *todas*, *ambos*, *ambas*, *entrambos*, *entrambas*: *Tódolos coches. / Ámbolos coches. / Tralo coche...*
- Despois dos **pronomes** *nos*, *vos* ou *nós*, *vós*, *lles*: *Nó-las dúas. / Pedíulle-lo coche.*

Posto que a segunda forma do artigo pode confundirse co pronome de complemento directo (*Vou face-la segunda forma do artigo / Vas facela?*), establecemos unha **diferenza ortográfica**: nos contextos en que se poden confundir, a segunda forma do artigo leva un guión. No resto dos casos, o artigo únese directamente á palabra. Por tanto, queda da seguinte maneira:

Con guión:

- Tras as formas verbais rematadas en -r ou -s: *Redactar a acta / Redacta-la acta. Colles o coche? / Cólle-lo coche.*
- Tras os pronomes (*nos*, *vos*, *lles*, *nós*, *vós*). *No-las dúas imos saír cedo / Nós as dúas imos saír cedo. Cóllesnos a entrada? / Cóllesno-la entrada?*
- Co adverbio *u*. *U-la entrada?*

Únese directamente:

a. Despois de *todos, todas, ambos, ambas, por, tras* e coa conxunción *mais*: *tódolos, ámbalas, polos, tralas...*

1.2. Con que contrae o artigo?

O artigo contrae obrigatoriamente coas preposicións **a, con, de, en, por**:

a + o = ao (ó). A primeira redacción das Normas no ano 1982 favorecía a solución **ó**, na redacción actual dáselle clara preferencia a **ao**.

a + a = á

con + o = co

con + a = coa

de + o = do

de + a = da

en + o = no

en + a = na

por + o = polo

por + a = pola

1.3. Que cambiou no 2003?

-Como acabamos de ver, a segunda forma do artigo é de **uso obrigado** só coa preposición **por** (*polo, pola*) e co adverbio interrogativo **u**. No resto dos casos é **optativo** o seu emprego.

Aínda que tivera moita visibilidade, a utilización da 2ª forma do artigo só era obrigatoria con *por* e con *tras* –con *tras* é agora opcional– e sinalábase como aconsellable o seu uso nunha serie de casos. De feito, no texto normativo anterior empregouse a segunda forma do artigo en todos aqueles casos onde era opcional. Pola contra, na redacción da norma aprobada en 2003 só se emprega cando é obrigatoria (coa preposición *por* e co adverbio *u*).

-A contracción entre a preposición **a** e o artigo **o** ten dúas formas posibles: **ao** e **ó**. Na redacción das Normas dáselle clara **preferencia** a **ao**.

Na contracción da preposición *a* e o artigo *o* existiron sempre dúas posibilidades: *ao* e *ó*. No texto de 1995 aconsellábase como preferente *ó*, mais *ao* tamén se consideraba correcta. A normativa de 2003 non recomenda expresamente unha escolla mais na redacción do texto emprégase **ao**.

1.4. Os erros máis frecuentes do artigo

Os erros que detectamos como máis frecuentes á hora de empregar o artigo son os seguintes:

- Non usar o artigo cando é necesario:
 - *Estou *en casa: estou na casa.*
 - *Esta fin de semana fun *a aldea: Esta fin de semana fun á aldea.*
 - *Agora mesmo estou *en Carballiño: Agora mesmo estou no Carballiño.*
- Empregar mal a segunda forma do artigo.
 - **Ámbo-los dous son os responsables do proxecto: Ambos os dous/Ámbolos dous son os responsables do proxecto.*
- Convén lembrar determinadas palabras cuxo xénero non coincide co castelán (*o leite, o nariz, o labor, a calor, o sinal, o contrasinal...*). Nestes casos, a influencia do castelán provoca erros fáciles de evitar. Cómpre sinalar aquí que en galego nunca varía o xénero dos artigos debido a encontros vocálicos. Sexa cal for a vogal pola que comeza o substantivo co que vai, o artigo mantense invariable, é dicir, debemos escribir: *a arma, a asma, a alma, a arte, a aula, a acta...*

1.5. Para lembrar

- É moi importante facer ben as contraccións do artigo coas preposicións. Son **obrigatorias!** Tamén é obrigatorio facelas cos artigos que forman parte de topónimos: Traballo na Deputación da Coruña. Vivo no Concello do Porriño. Veño da Guarda... Se tes dúbidas sobre os topónimos que levan artigo (O Carballiño, O Porriño, O Barco de Valdeorras, A Coruña...) podes consultar o Nomenclátor galego en [Http://www.xunta.es/nomenclator/busca.jsp](http://www.xunta.es/nomenclator/busca.jsp) Nesta páxina aparece a toponimia oficial de concellos, parroquias e lugares galegos.

- As principais entidades galegas (Universidades, Real Academia da Lingua, Xunta de Galicia etc.) elixiron como criterio de estilo para os textos que emiten darlle preferencia á forma *ao*.
- Estas mesmas entidades optan por non reflectir a segunda forma do artigo, salvo nos casos en que é estritamente obrigatorio. Por tanto, evitaremos empregala.

2. O artigo indeterminado

Xa coñeces as formas do artigo indeterminado:

<i>un</i>	<i>unha</i>
<i>uns</i>	<i>unhas</i>

Aínda que non sufriu ningunha modificación, dedicáremoslle un apartado pois hai algunhas cuestións que é importante lembrar para un uso totalmente correcto na escrita.

Para lembrar

É importante facermos ben as contraccións obrigatorias con **de**, **en** e **con**:

	<i>de</i>	<i>en</i>	<i>con</i>
<i>un(s)</i>	<i>dun</i>	<i>nun</i>	<i>cun</i>
<i>unha(s)</i>	<i>dunha</i>	<i>nunha</i>	<i>cunha</i>

En relación con isto, xorde un punto moi importante! Debemos fixarnos ben se **con** vai cun **artigo** ou cun **pronome indefinido** **un – unha – uns – unhas**, pois cando vai cun pronome nunca contrae. É dicir, se o artigo **un – unha – uns – unhas** vai só, está funcionando como pronome, daquela non contrae. Vémolos mellor cuns exemplos:

Sempre vai cun sombreiro diferente. / Gústalle moito os sombreiros, sempre vai con un.

Isto só acontece coa preposición **con**. Pola contra, **en** e **de** contraen sempre:

Métese en problemas deseguido. Sempre está metido nun.

3. Conclusións

A segunda forma do artigo é de uso obrigado só coa preposición **por** (**polo, pola**) e co adverbio interrogativo **u**. No resto dos casos é **optativo** o seu emprego.

As principais entidades galegas (Universidades, Real Academia da Lingua, Xunta de Galicia etc.) elixiron como criterio de estilo darlle **preferencia** á forma **ao**.

Se debes corrixir un texto fíxate especialmente nas formas correctas das contraccións e no xénero adecuado do artigo.

PALABRAS DE ORTOGRAFÍA DUBIDOSA

INTRODUCCIÓN

Na escrita do galego cómpre fixar o uso daquelas palabras que presentan para nós unha ortografía dubidosa. En xeral, maniféstase como un dos temas que normalmente xeran máis inseguridades na escrita aínda que non sufriron ningunha modificación desde a primeira edición das NOMIG en 1982!

1. Ortografía B/V

As letras B e V empréganse en galego para representar un **único son**.

Desta maneira, o emprego dunha ou doutra forma gráfica vén determinado pola **etimoloxía**, é dicir, pola procedencia das diferentes palabras.

Así, emprégase **B** cando a palabra tiña en latín **B**, **BB** ou **P**:

BENE > *ben* ou RIPARIA > *ribeira*.

Polo contrario, utilizamos a grafía **V** cando a palabra contiña en latín **V** ou **-F-**:

VOTA > *voda* ou STEFANUM > *Estevo*.

Deseguido nomeamos as palabras que poden implicar algún tipo de inseguridade á hora de escribírmolas xunto coas razóns etimolóxicas que motivaron a súa grafía. Como verás, é unha lista reducida.

As dúbidas normalmente débense ao feito de que **difiren do castelán** no seu comportamento.

1.1. Escríbense con B

- **Abelá.** O nome deste froito seco ten a súa orixe en NUX ABELLANA, é dicir, a **noz de Abella**. Esta cidade italiana situada na Campania era coñecida pola abundancia destes froitos. No galego sofre todas as evolucións esperables (considérase, por isto, unha palabra patrimonial): simplificou a consoante dobre, perdeu o -N- e deuse unha crase vocálica: **abelana > abelãa > abelá*. Tamén mantén o **-b-** o nome da árbore, **abeleira**.
- **Albanel.** A orixe desta palabra está no árabe *al-banní* (árabe clásico *al-banna'*), “quen constrúe ou edifica”. Portugués *alvanel*, castelán *albañil*.
- **Baleiro.** Escríbese con **-b-** por coherencia co seu étimo (árabe *bátíl*). Tamén se escriben con **-b-** os derivados: *baleirar, balde...*
- **Bolboreta.** Probablemente, aínda que non con certeza, proveña do latín vulgar **belbellutia*, de **bellu* (fermoso).
- **Débeda.** Correspóndelle un **-b-** por etimoloxía xa que procede do latín DEBITAM.
- **Dúbida.** Este substantivo deriva de **dubidar** e esta palabra ten a súa orixe no lat. DUBITARE. Presenta todas as evolucións esperadas no galego. Portugués *dúvida*, castelán *duda*, catalán *dubte*, francés *doute*, italiano *dubbio*, inglés *doubt*.

Lembra que **sen dúbida algunha* é unha construción impropia do galego. Para expresar isto debemos empregar *sen ningunha dúbida* ou *sen dúbida ningunha...*
- **Marabilla.** Leva o **-b-** de acordo co étimo lat. MIRABILIA. Igualmente levan **-b-** os derivados: *marabilloso/a, marabillar...*
- **Móbil.** Vén do latín MOBILEM. Escríbense tamén con **-b-** os derivados: *mobilidade, inmobiliario, mobilización, inmóbil, inmovilizar, automóbil...* Portugués

móvel, francés *mobile*, inglés *mobile*, italiano *mobile*. Ollo! Non confundas este grupo (palabras procedentes de MOBILEM) coas procedentes de MOVERE, pois teñen grafías diferentes (*mover*, *movemento*, *movible*, *inamovible*).

- **Polbo**. Procede do latín POLYPUS “moitos pés”. Escríbese con **-b-** por proceder de *-P-* intervocálico.
- **Ribeira**. Prové do latín RIPARIA. *Beira* procede da mesma palabra polo que tamén se escribe con **-b-**.
- **Sarabia**. É unha palabra de orixe descoñecida, probablemente prerrománica.
- **Trobador**. Vén do provenzal TROBADOR. Portugués *trovador*, castelán *trovador*, italiano *trovatore*, francés *troubadour*.
- **Biscaia**. Gráfase con **-b-** porque o éuscaro non ten a grafía **-v-**. O topónimo oficial vasco é *Bizkaia*. O xentilicio é *biscaíño/a*. Portugués *biscaíño/a*, castelán *vizcaíno/a*, catalán *biscaí*, francés *biscaïen*, inglés *biscayan*.

1.2. Escríbense con V

- **Avó / avoa**. Procede do latín vulgar *AVIOLUS / AVIŌLA. Portugués *avô*, cast. *abuelo*, catalán *avi*, italiano *avo*, francés *aïeul* ou *grand père*.
- **Avogado/a**. Ten a súa orixe no lat. ADVOCATUS. Tamén se escribe con **-b-** o derivado **avogacía**. Portugués *advogado*, francés *avocat*, catalán *advocat*, italiano *avvocato* e inglés *advocate*.
- **Avogar**. “Falar en favor dunha cousa”. Vén de ADVOCARE. Portugués *advogar*, castelán *abogar*, catalán *advocar*, francés *plaider*, italiano *patrocinare*, inglés *to advocate*.

- **Avultar.** Formouse sobre **vulto**. *Vulto* procede do latín VULTUS.
- **Acivro.** Deriva de AQUIFOLIUM a través de **acifolo* (lembra que o **-F-** deu **-v-** en galego). Só hai dúas palabras (e as súas derivadas) que conteñen a secuencia **-vr-** en galego: **acivro** e **ávrego** (un determinado tipo de vento).
- **Chuvasco.** Esta voz galega procede de PLUVIAM. Escríbese co **-v-** etimolóxico igual que *chuvia* ou *choiva*, *chuvasqueiro*, *chuvascada*...
- **Covarde.** Vén do francés *couard*, e este do latín CAUDA “rabo”. Portugués *covarde*, catalán *covard*, francés *couard*, inglés *coward*, italiano *cobardo*.
- **Esvelto/a.** Préstamo tomado do italiano. A grafía respecta o termo orixinario *svelto*.
- **Garavanzo.** É unha palabra de orixe descoñecida. En galego-portugués xa aparecía con **-v-**. O castelán antigo tamén tiña **-v-** *garvanço*, portugués *gravanço*.
- **Gravar.** Vén do francés *graver*.
- **Gravata.** A orixe está no exército croata. A palabra vén do francés *cravate* que era o nome que, nesta lingua, se lles daba ás persoas de Croacia. Como os soldados croatas levaban unha tira de tea ao pescozo como parte do seu uniforme, o termo *cravate* pasou a denominar esta peza e introduciuse nas demais linguas. En italiano *cravatta*, romanés *cravata*, portugués *gravata*. O catalán e o castelán proceden do toscano *corvatta*, igualmente designación de *croata*.
- **Pavillón.** É un préstamo antigo do francés *pavillon*. A palabra francesa, pola súa vez, procede de PAPILIONEM. Esta palabra tamén deu no francés *papillon* que significa *bolboreta*. Parece ser que se lle deu este nome porque un pavillón (tenda de campaña) semellaba unha bolboreta coas ás abertas.

- **Trevo.** Do latín TRIFOLIUM (de tres follas).
- **Vasoira.** A palabra galega provén de VERSORIAM, derivado de VARRERE “varrer”.
- **Vermello.** Esta palabra está relacionada con *verme*, o bicho co que se elaboraba a tintura desa cor. Vén do latín VERMICULU.
- **Verniz.** Procede do francés antigo *verniz* (hoxe *vernis*) ou do italiano *vernice*, ambas veñen do latín VERONIX. Probablemente estea relacionado co nome dunha cidade libia de onde se importaba esta substancia.
- **Voda.** Vén de VŌTA, plural de VOTUM “voto”, e debe o seu significado ao conxunto de “votos” que se facía nas vodas.
- **Vogar.** “Sinónimo de remar”. Prové de VOCARE. Portugués *vogar*, castelán *bogar*, provenzal *vogar*, italiano *vogare*.
- **Voitre.** Procede de VULTUREM. portugués *abutre*, castelán *buitre*, catalán *voltor*, italiano *avoltoio*, francés *vautour*...
- **Varrer.** Do latín VARRERE, “varrer”.
- **Vulto.** Procede do latín VULTU.

2. Outras palabras de grafía dubidosa

Asasino/a. A etimoloxía máis estendida localízase como unha palabra de orixe árabe (*hashashiyyin*) cuxo significado era "fumadores de haxix". Débese esta identificación a unha seita que, segundo di a lenda, defendía o asasinato político e ademais debían estar a miúdo baixo a influencia do haxix. *Hashashiyyin* deu en inglés *assassin*, italiano *assassino*, catalán *assassí*, francés *assassin*, portugués *assassino* e castelán *asesino*.

Asemblea. Provéen do francés *assemblée*. Portugués *assembleia*, italiano *assemblea*, inglés *assembly*, catalán *assemblea*, castelán *asamblea*.

Diminuír. Esta é a forma etimolóxica e, por tanto, a correcta. Este cultismo vén de DIMINUERE. Francés *diminuer*, italiano *diminuire*, portugués *diminuir*. Outras palabras derivadas son *diminución*, *diminuído* ou *diminuto* (a familia léxica do castelán perde o **-s-** só nesta última palabra).

Estender. A grafía x como [ks] mantense sempre (*léxico, nexo, reflexionar...*). Mais algunhas voces moi populares, documentadas xa deste modo en textos medievais, deben escribirse con **-s-**. Entre estas palabras antigas está **estender, escavar, escavación, escavadora; estrañar, estraño; estranxeiro/a, estranxeiría, estranxeirismo.**

Convén ter en conta que palabras como *extensión, extensivo, extenso, extensor* manteñen o **-x-**. A razón é histórica. *Estender* entrou moi pronto para o léxico galego desde o latín vulgar, xa con **-s-**. No entanto *extensión* (e os seus derivados) entrou moito máis tarde con **-x-** (nas linguas do contorno entrou no século XVIII desde o latín clásico).

COMO ACENTUAMOS?

Acentuar correctamente é un dos principais indicadores do nivel de corrección dun texto.

A acentuación é unha **convención** e, por tanto, esixe a memorización de certas regras.

Estas regras de acentuación deben cumprir dous requisitos: por unha parte deben ser fáciles de lembrar (pouco complexas) e, por outra parte, deben ser útiles. A utilidade radica en diferenciar palabras co menor número posible de acentos gráficos.

As normas de acentuación seguen sendo as mesmas desde o ano 82.

1. Regras xerais

1.1. Palabras agudas

As palabras agudas son aquelas que reciben a maior forza na **última sílaba** (*camión, azul...*).

- Acentúanse graficamente cando teñen varias sílabas e rematan en **vogal, en vogal + n, en vogal + s** ou **en vogal + ns** (*irmán, irmá, irmás, irmáns*).
- Non se acentúan cando rematan noutra consoante que non sexa *-n* ou *-s* (*caracol, calor*).
- Non se acentúan cando rematan en **ditongo decrecente**, seguido ou non de *-n* ou *-s* (*ademais, andei, marchou*).
- Non se acentúan cando son **monosílabas** (*luz, ra, san*).

Lembra especialmente:

As palabras agudas rematadas en **ditongo decrecente** adoitan presentar erros de acentuación. Fíxate nelas pois este tipo de ditongos é moi frecuente no galego. Un ditongo decrecente consta dunha vogal forte (*a, e, o*) cunha vogal feble (*i, u*) nesta orde; é dicir, a abertura ou a forza decrece (*ai, oi, ou, eu, au...*). Tamén se considera ditongo decrecente a unión de dúas vogais febles (*iu, ui*).

A maior parte dos tempos verbais galegos rematan en ditongo decrecente (*colleu, andou, partiu*).

1.2. Palabras graves

As palabras graves reciben a maior forza na penúltima sílaba (*billa, túnel*).

Acentúanse graficamente:

- Cando rematan en **consoante distinta de -n** ou **-s e en grupos consonánticos distintos de -ns** (*téxtil, bíceps, álbum*).
- Cando rematan en **ditongo decrecente** (vogal forte + vogal feble ou dúas vogais febles): *estábeis, amábeis...*

Non se acentúan cando rematan en **vogal**, **en vogal + n**, **en vogal + s** ou en **vogal + ns** (*casa, dolmen, dolmens, casas*).

Como podes ver, o comportamento das palabras graves é exactamente o contrario do que ocorre coas palabras agudas.

1.3. Palabras esdrúxulas

As palabras esdrúxulas levan **sempre** acento gráfico (*sílaba, título*). A regra de acentuación das palabras esdrúxulas é sinxela polo que non é habitual que se produzan erros neste grupo de termos.

2. Casos especiais de acentuación

2.1. Que é un ditongo?

Os ditongos non implican ningunha dificultade. Son dúas vogais que van na mesma sílaba e **seguen as regras xerais** de acentuación que vimos nos puntos anteriores: *vogais* (non se acentúa porque é aguda rematada en ditongo decrecente), *camión* (acentúase porque é aguda rematada en *-n*).

Un ditongo pode constar dunha vogal forte (*a, e, o*) e dunha feble (*i, u*) en calquera orde. A forza, neste caso, irá na vogal forte ou en calquera outra sílaba (*aire, depois, diacrítico*).

Tamén pode constar de dúas vogais febles (*i, u*) en calquera orde. Neste caso, a forza da palabra irá na primeira das vogais ou en calquera outra sílaba (*puido, miudiño*).

2.2. Que é un hiato?

Un hiato é a secuencia de dúas vogais que **van en sílabas distintas** (non forman ditongo):

1. Un hiato pode constar de dúas vogais fortes. Estas **sempre** van en sílabas diferentes e réxense polas regras xerais: *caoba* (non se acentúa porque é grave rematada en vogal), *mámoa* (acentúase porque é esdrúxula).

2. Tamén pode estar formado por unha vogal forte e unha feble. Neste caso a forza irá na **feble**. Como é un caso excepcional, **debe marcarse con acento gráfico**, non se rexe polas regras xerais. Acentúase sempre (*anatomía, oír, rúa*).
3. Por último, tamén existe un hiato no caso do encontro de dúas vogais febles, **coa forza na segunda feble**. Este caso tampouco se rexe polas regras xerais. **Acentúanse sempre** (*ruído, muíño*).

En resumo...

As vogais **i, u** tónicas acentúanse cando van antes ou despois dunha vogal átona **a, e, o** para indicar que ambas as vogais pertencen a sílabas distintas e que, por tanto, non forman ditongo (*fíate, Oímbra*). Se van as dúas vogais febles xuntas e a tónica é a segunda, prodúcese un hiato e precisa tamén acento gráfico (*xuízo*).

2.3. Os estranxeirismos

Os estranxeirismos seguen as **regras xerais** de acentuación (*xampú, boicot, iceberg, médium, hándicap, déficit*).

As palabras rematadas en **-y** teñen o mesmo tratamento que as rematadas en **-í**: spray, hóckey.

2.4. O acento diacrítico

Os acentos diacríticos empréganse para **diferenciar palabras**. Na maior parte dos casos non é preciso facer diferenzas gráficas pois o contexto aclara o significado dabondo. O acento gráfico aplícase a un número reducido de palabras que poden xerar confusión. Este tipo de acento mantense sempre: *dáme iso, el vénnos traer a equipaxe hoxe*.

Deseguido, achegamos os diacríticos máis frecuentes. Para ampliar a listaxe, podes consultar o seguinte enderezo: http://gl.wikipedia.org/wiki/Normativa_oficial_do_galego_-_A_acentuaci%C3%B3n#O_acento_diacr.C3.ADtico

á (a + a artigo; substantivo)	a (artigo; preposición)
cá (ca + a)	ca (conx. comparativa)
chá (plana)	cha (che + a)
có (ca + o)	co (con + o)
cómpre (é mester)	compre (merque)
dá (dar)	da (de +a)
dás (dar)	das (de + as)
é (ser)	e (conx.)
fóra (adv.)	fora (verbo ser e ir)
máis (adv.)	mais (conx. adversativa)
nó (subst.)	no (en + o)
nós (pronome tónico)	nos (pronome átono)
ó (a + o)	o (artigo ou pronome)
pé (do corpo)	pe (letra)
pór (poñer)	por (preposición)
présa (apuro)	presa (prendida, presada)
só (adv. e adx.)	so (preposición)
té (infusión)	te (pronome; letra)
vén (presente de vir)	ven (presente de ver; imp. de vir)
vés (presente de vir)	ves (presente de ver)
vós (pronome tónico)	vos (pronome átono)

OS CAMBIOS

A reforma normativa que se aprobou no ano 2003 introduciu certos cambios que afectan a moi poucas palabras da lingua, non obstante, todos os cambios xeran resistencias malia estaren xustificados. Cómpre pois, achegarmos esforzos para asentar estas propostas que realmente supoñen un paso adiante na historia da lingua.

Existen certas mudanzas **obligatorias** e outras **opcionais**. Neste último apartado, as novidades son escasas; en moitos casos, as opcións existían xa no anterior texto mais agora pasan a ser tratadas como iguais sen recomendar unha ou outra.

1. Mudanzas obrigatorias

1.1. Grupos consonánticos cultos CT e CC

Suprímese a primeira consoante do grupo cando vai despois de *-i-* ou *-u-*: *condución, conduta, conduto, condutor, conflito, construción, construtor, dicionario, ditame, estrito, estrutura*. Mantense o grupo nalgúns tecnicismos e palabras cultas como *ictioloxía*. Certas palabras vocalizan o *c* en *u* ou en *i*: *doutor, doutoramento, reitor, seita, suxeito*.

1.2. Sufixos e terminacións

- a) Sufixos en *-ZO, -ZA*. Auméntase a lista de palabras con estas terminacións: *diferenza, espazo, estanza (estrofa), graza...*
- b) Sufixos masculino *-ÁN* feminino *-Á* e masculino *-ÓN* feminino *-OA*. Ampliase o modelo patrimonial *-án/-á*: *alemán, capitán, catalán, escribán, gardián...* Ampliase o modelo *-ón/-oa*. Cando a palabra é un aumentativo ou derivado verbal pexorativo, empregaremos *-ón/-ona*: *anfitrión/-oa, bretón/-oa. Pero abusona, preguntona*.
- c) Terminacións *-EU, -AU* e *-O*

Engádense á lista de palabras rematadas en -eu: *chapeu, romeu e xubileu*.

Engádense á relación de palabras en -au: *bacallau e pau*.

Engádense á lista de palabras en -o: *tribo e ímpeto*.

- d) Sufixo –DADE. Incorpórase *puberdade* ao grupo de palabras con esta terminación.

1.3. O verbo

A primeira e segunda persoas de plural de pretérito de subxuntivo é esdrúxula:
cantásemos.

1.4. Pronomes demostrativos

Elimínanse as formas do demostrativo neutro **esto, *eso, *aqueilo*; só son válidas *isto, iso, aquilo*.

1.5. Adverbios e locucións adverbiais

Elimínanse: **entonces, *alomenos*.

Únense: *acotío, decontado, decontino, decotío, deseguida, deseguido, enseguida; apenas; amodo, devagar, talvez*.

1.6. Preposicións e locucións prepositivas

Engádense: *a respecto de, alén de, após, aquén de, até, canto a.*

1.7. Conxuncións e locucións conxuntivas

Engádense: *no entanto, porén; até que*.

Elimínanse: **unque, *nembargantes, *sen embargo; *unque*.

Únense: *apenas, decontado que, deseguida que*.

1.8. Numerais

Fanse regulares os números entre vinte e trinta, escíbense separados: *vinte e un, vinte e unha...*

Elimínanse **triple e *cuádruple* só son válidas as formas *tripla/o e cuádrupla/o*.

1.9. Pronomes

Engádense *cuxo, cuxa, cuxos, cuxas* ao paradigma dos relativos posesivos.

1.10. Léxico

Modifícanse: **estudio* e a súa familia pasan a *estudo*; **vocal* –nome de letra e integrante da directiva dunha organización- pasa a ser *vogal*.

2. Mudanzas opcionais

2.1. A acentuación

A acentuación de interrogativos que introducen cláusulas interrogativas indirectas só é obrigada cando se poidan producir ambigüidades. *Dime que queres/ Dime qué queres.*

2.2. O artigo

- **A segunda forma do artigo.** Pasa a ser obrigatoria unicamente tras a preposición *por* e despois do adverbio *u*: *polo, pola. U-lo meu chapeu?* No resto dos casos é optativa.
- **Contraccións.** A contracción do artigo masculino e a preposición **a** ten dúas solucións, *ó* e *ao*, as dúas igualmente válidas.

Por coherencia, se escollemos *ao/aos*, non marcaremos a contracción do artigo coa comparativa *ca*, entón non usaremos *có, cás, cós, cás* senón *ca o, ca a, ca os, ca as*.

2.3. Sufixos e terminacións

- **Sufixos –BLE/ -BEL**

Na nova norma equipáranse as dúas solucións: *–bel/ -beis* e *-ble/-bles*.

A acentuación das formas en *–bel* como *amábel* leva til por cumprir a regra xeral de acentuación e o seu plural *amábeis* lévao por ser grave cun ditongo decrecente na última sílaba. Debemos ser consecuentes coa escolla introducindo a terminación nas palabras que deriven dunha rematada en *-bel*: *amabelmente, establecer...*

- **Sufixos –ARÍA/ -ERÍA**

Escollemos a forma tradicional en *–aría* que é a que se recolle na redacción das normas: *Concellaría, consellaría, panadaría...*

2.4. Signos de puntuación

Os signos de interrogación e admiración pasan ser obrigatorios **só** ao remate da frase.



Algunhas claves básicas para o galego by Tagen Ata is licensed under a [Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-SinObraDerivada 3.0 España License](#).

Based on a work at www.formacionenrede.com.